




Concello da Coruña

Área / Unidad CEMENTERIOS MA2400 GBA	Documento 7411AI0130	Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/3138/2026 20/02/2026
Código de verificación  2B0S 524C 0U6O 411M 1274	Expediente 741/2026/78	
	Fecha 18-02-2026	

ASUNTO: DECLARACIÓN DE EXTINCIÓN DO DEREITO DE USO DE INSTALACIÓN FUNERARIA POR VENCEMENTO DO PRAZO

RESOLUCIÓN

Á vista do informe proposta co código 7411AI011R de documento emitido no Servizo de Medio Ambiente asinado electrónicamente o 16.02.2026, en uso das facultades atribuídas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases do réxime local, que foron delegadas pola Xunta de Goberno Local mediante acordo adoptado na súa sesión do día 04.07.2024 (BOP núm.129, do 5 de xullo de 2024) na concelleira de Medio Ambiente,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Iniciar o procedemento para declarar a extinción do dereito de uso do nicho sinalado co número 247, departamento 3º, ringleira 3ª do Cemiterio de Santa Cecilia de Feáns-Mesoiro do que son titulares Luisa Villa Fraga (falecida), Carmen Ramallo Villa, Rogelio Ramallo Villa, e Martina Ramallo Villa (falecida), polo vencemento do prazo máximo que rematou o 5 de xaneiro de 1998.

SEGUNDO: OUTORGAR trámite de audiencia aos interesados por un prazo de **10 días hábiles**, para que aleguen e presenten os documentos e xustificacións que estimen oportunos para a defensa dos seus dereitos e intereses de conformidade co disposto no artigo 82 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 02.10.2015.)

Advírtese que rematado o devandito prazo sen que os interesados formulen alegacións ou acheguen novos documentos, continuará a tramitación do procedemento coa declaración da extinción dos dereitos funerarios e procederase a exhumación dos restos cadavéricos existentes nas instalacións funerarias para o seu traslado ao osario municipal.



A Coruña, na data da sinatura dixital que figura neste documento.

Eudoxia María Neira Fernández
Concelleira de Medio Ambiente

Por delegación da Xunta de Goberno Local do 04.07.2024 (BOP núm. 129 do 05.07.2024)